

RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se adoptan medidas de adaptación do Plan de xestión conxunto de percebe, modalidade a pé e embarcación, das confrarías de pescadores da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares

Antecedentes

1. O 10.04.2023 a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (DXPAIT) solicitou a esta xefatura territorial a emisión de informe técnico sobre a procedencia de revisión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón (ZEM) e zonas de explotación exclusiva de percebe (ZEP) no ámbito do Plan de xestión conxunto de percebe das confrarías de pescadores da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares (en adiante Plan de xestión), acompañando mapas correspondentes ao ámbito do plan, no que se propoñen zonas de cambio de ZEP a ZEM, así como, se procede, a adaptación das medidas conforme a dita proposta, en base ao artigo 21.1 do Decreto 153/2019 de 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
2. O 12.04.2023, esta xefatura territorial ditou resolución acordando o inicio do procedemento de adaptación de medidas do Plan de xestión e a súa tramitación pola vía de urxencia, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e cos efectos previstos no citado artigo.
3. O 13.04.2023 o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) emite "Informe técnico sobre o cálculos de proporción de lonxitudes de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación en plans de xestión de percebe" no que se fai un novo cálculo das lonxitudes de costa, dispoñibilidade e coberturas medias de mexilla no Plan de xestión de acordo coa zonificación proposta.
4. O 13.04.2023 a bióloga da Xefatura Territorial da Coruña emite "Informe técnico biolóxico de revisión das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón no Plan de xestión de percebe conxunto a pé e a flote das confrarías da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares (PE410A 2021/54-1).
5. O 13.04.2023 o Subdirector Xeral de Pesca, emite o "Informe sobre a revisión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón no plan conxunto de explotación de percebe a pé e a flote das confrarías de pescadores da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares".





6. O 14.04.2023 esta xefatura territorial envioulle unha proposta á confraría de pescadores da Coruña, como entidade representante, para a adopción de medidas de adaptación do Plan de xestión. Nesta proposta outorgoulle un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións.

7. O 14.04.2023 a confraría de pescadores da Coruña, a través de formulario PR004A (Entrada Núm. 2023/1145734), comunica que recibida a proposta da Xefatura Territorial da Coruña, aceptan a dita proposta por entender que recolle as posicións das confrarías que forman parte do dito plan de xestión.

Consideracións legais e técnicas

1. Os plans de xestión son instrumentos cuxa aprobación corresponde á consellería competente en materia de pesca, previa audiencia do sector afectado, a través dos cales se regulan as medidas técnicas, os horarios e o réxime de calamento das artes de pesca e do marisqueo. Estes plans, que poderán ser elaborados a proposta das entidades asociativas do sector, poderán incluír tamén limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro (art. 7.2 da Lei 11/2008 de pesca de Galicia).

O artigo 6.1 da lei, indica que a adopción de medidas restritivas orientadas á recuperación dos recursos farase de xeito gradual, procurando minimizar os posibles desequilibrios socioeconómicos que poidan derivar da súa adopción.

Na mesma liña, o artigo 2 da lei establece que: *A política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.*

2. O art. 4.3 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, desenvolve esta previsión legal (artigo 2 da lei), dentro do contexto dunha disposición xeral cuxo obxecto é "a regulación do réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 1) e a súa finalidade é establecer un réxime de conservación e explotación é garantir unha xestión sustentable dos recursos marisqueiros tendo en conta aspectos ambientais, económicos, sociais e de emprego.

3. A explotación de percebe realízase no marco de plans de xestión dentro dun ámbito territorial coa posibilidade, establecida no artigo 13.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, de que os plans podan reservar zonas de extracción para a semente de mexillón. Esta medida responde á necesidade de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan ante a realidade da coexistencia de percebe e semente de mexillón nos bancos naturais, supoñendo que pode haber zonas nas que se poderá extraer percebe e semente de mexillón (ZEM), e outras zonas nas que só se poderá extraer percebe (ZEP).

4. A Circular MA-03-2021 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (DXDP) relativa ás zonas de reserva para extracción da semente de mexillón nos plans de xestión de percebe para o trienio 2022-2024 ten como obxectivo facilitar a presentación e avaliación das





propostas de plans de xestión de percebe para este trienio das entidades asociativas do sector.

5. A STSXG (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) 415/2021, do 20 de setembro de 2021, rec. 4035/2020, en relación o recurso contencioso administrativo interposto por varias asociacións do sector mexilloeiro contra o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, determina no seu fundamento de dereito sexto en relación á non vulneración do principio de proporcionalidade, que serán os plans de xestión que aprobe a consellería os que en cada caso teñan que valorar a proporcionalidade das medidas que nos mesmos se establezan en orde á regulación da conservación e explotación dos recursos marisqueiros.

6. O 30.09.2021 a confraría de pescadores de Coruña, como entidade representante do Plan de xestión conxunto, presentou a proposta de xestión reservando zonas concretas para a extracción para a semente de mexillón como medida para garantir a protección do percebe no ámbito do plan (PE410A 2021/54-1).

7. A Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, aprobou no seu artigo 2 os plans de xestión de percebe para o trienio nos que se inclúen zonas ZEM e zonas ZEP e as coordenadas xeográficas delas que se relacionan no cadro B. Os mapas destas zonas no ámbito territorial do plan de xestión publicáronse na páxina web:
https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonsexclusivaspercebe.

8. Na ficha do plan onde figuran as consideracións sobre as condicións de aprobación do Plan de xestión no apartado "Zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón" no seu parágrafo final quedou establecido:

"...

Á vista da proposta da Xefatura Territorial da Coruña, da valoración exposta no informe do persoal técnico da Consellería do Mar e de acordo co disposto na Circular MA-03-2021, acéptase a reserva das zonas para a extracción de semente de mexillón e de zonas exclusivas para a explotación de percebe que se relacionan no Anexo II, polos seguintes motivos:

- 1) Determínanse as zonas do ámbito do plan de xestión na que coexisten actividades de extracción de percebe e semente de mexillón e resultan diverxencias entre ambas: xustifícase a existencia de diverxencias na explotación de percebe e semente de mexillón nas zonas de Suevos, Portiño, Torre e Mera, con subzonas de explotación de calidade alta o moi alta, agás o tramo de Mexillosa a Roada que sería de calidade media. Aportan información (coordenadas, descrición da zona e plano de localización) das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e das zonas para a explotación exclusiva de percebe.*
- 2) Xustifícase a proporcionalidade da medida ante intereses concorrentes. A zona de reserva para a extracción de semente de mexillón representa o 59,61% da lonxitude do plan de xestión, a porcentaxe do total de mexilla dispoñible no plan sería dun 62,50% e a cobertura media de mexilla na zona dun 27,35%.*

Cálculos baseados no informe técnico CIMA. Información técnica de apoio para avaliar o criterio de proporcionalidade nas propostas de zonas de reserva para a extracción de mexilla en plans de xestión de percebe.

- 3) A medida responde á necesidade de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, contribuíndo á viabilidade da explotación sostible deste recurso.*

"...

No anexo II da ficha indícanse as zonas de reserva de extracción de semente de mexillón-zonas de explotación exclusiva de percebe xunto coas coordenadas xeográficas e





acompañando a este anexo xúntanse dous mapas que referencian a clasificación das zonas no ámbito do plan de xestión.

9. O artigo 21.1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, establece que as xefaturas territoriais poderán adaptar medidas para favorecer o cumprimento dos obxectivos dos plans, atendendo os obxectivos recollidos no punto 1 do artigo 6 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, logo de consulta coas entidades titulares destes, no marco do desenvolvemento dos plans de xestión.

10. O artigo 58.3 da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que as xefaturas territoriais adaptarán as medidas do plan de xestión, en función dos datos de seguimento dos indicadores dos obxectivos establecidos no plan, cando exista:

- a) Informe emitido por persoal técnico da consellería.
- b) Proposta de adaptación da xefatura territorial á/ás entidade/s titular/es do plan de xestión.

11. Considerando que existe un conflito histórico entre as actividades extractivas destes recursos en determinadas zonas do ámbito desa confraría, debido ao solapamento espacial da mexilla co percebe, adoptáronse as medidas de xestión aprobadas na Orde do 22.12.2021 declarando zonas ZEM e zonas ZEP tentando que estas medidas fosen o máis proporcionais posible, que neste plan de xestión supuxo o establecemento dunha ZEM que representaba o 69 % da lonxitude total do plan e da dispoñibilidade de mexilla e dunha ZEP que representaba o 31 % da lonxitude total do plan no que quedaba idéntica cifra de mexilla dispoñible (datos revisados polo CIMA no informe do 13.04.2023).

12. De acordo coa biomasa estimada por Brea Bermejo, E., 2009 (Cartografiado y dinámica de poblaciones de los bancos naturales de semilla de mejillón en las costas atlánticas gallegas) para a semente de mexillón nos ámbitos territoriais das confrarías da Coruña nas que actualmente existen ZEP nos plans de xestión de percebe en vigor soamente na provincia da Coruña, os ámbitos territoriais das confrarías deste plan de xestión conxunto constitúen a cifra máis alta de biomasa total, de aí a súa importancia para o sector mexilloeiro que insiste en que se revisen as zonas exclusivas de percebe para que se valore a posibilidade de abrir algunha á extracción de mexilla, dada a elevada biomasa existente.

13. Un dos aspectos fundamentais nos que se basea a Sentenza 415/2021, do 20 de setembro de 2021 do TSXG en relación ao recurso contencioso administrativo interposto contra o artigo 13.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, é a non vulneración do principio de proporcionalidade. Este principio debe entenderse coma o beneficio que a restrición de zonas aporta á explotación do percebe fronte ao posible dano ocasionado ao sector mexilloeiro. Con este obxectivo restrinxíronse as zonas no marco dos plans de xestión de percebe.

De acordo co Informe do 13.04.2023 do Subdirector Xeral de Pesca, en termos socioeconómicos e de produción, o sector mexilloeiro representa un papel destacado a nivel de Galicia. Collendo os datos referidos ao ano 2022, este sector conta con 3.451 bateas de produción e 21 cuadrículas ocupadas con liñas de cultivo. No aspecto social, dá emprego directo a 4.039 persoas, todo isto sen considerar o que supón o groso do sector auxiliar e os postos de traballo inducidos que viven ao redor do sector mexilloeiro que, con toda probabilidade, poden superar ao número de postos directos. En canto á produción de



mexillón e o volume económico, as cantidades acadan aos 219 millóns de quilos e máis de 150 millóns de euros facturados en primeira venda.

Estes datos poñen en valor significativa a importancia do sector mexilloeiro no contexto galego, ademais de ter en consideración os beneficios que a revisión das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón supoñen para o sector.

Dadas as actuais circunstancias excepcionais de escaseza de mexilla debido, entre outras cuestións, ás limitacións derivadas da confluencia de condicións meteorolóxicas adversas e ás mareas de escaso coeficiente que fixeron que o período inicial de extracción previsto non resultara o suficientemente produtivo para a recolección de mexilla, non previstas no seu momento, faise necesaria unha revisión das zonas restrinxidas á súa explotación que permita salvar de xeito temporal o abastecemento de mexilla para a presente campaña. Deste xeito, permitírase a extracción de ambas especies (percebe e mexilla) sen por iso menoscabar os obxectivos establecidos nos plans de xestión trianuais de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, aínda que a súa total consecución se vexa un pouco adiada.

14. Tendo en conta a variabilidade interanual na abundancia e distribución deste tipo de recursos, co obxecto do aproveitamento e xestión sustentable destas dúas especies mariñas, a consellería encomendou ao CIMA diferentes accións investigadoras. Entre estas accións atópase o estudo da abundancia de mexilla que utilizou un protocolo específico desenvolto no CIMA (No-Couto et al., 2022) que avalía a abundancia de mexilla e anota a presenza de percebe nas zonas que foron obxecto de visita polos seus técnicos.

15. O informe de 13.04.2023 da bióloga da Xefatura Territorial da Coruña, en relación á proposta realizada pola DXPAIT, considera que a apertura das zonas consideradas mellora a dispoñibilidade de mexilla nas zonas compartidas dado que aumenta a lonxitude do plan compartida para os dous recursos, aínda que o promedio de cobertura de mexilla non varia significativamente. Con respecto aos obxectivos biolóxicos e ecolóxicos do plan: por un lado, os biolóxicos non se verían afectados dado que a zona de seguimento aprobada (ZEP da Torre) non se vai variar. No relativo aos ecolóxicos (coberturas de rocha exposta e cobertura de organismos sésiles), os valores obxectivo aínda non foron subministrados pola Confraría polo que non se ten información sobre a posible evolución dos mesmos, nin ata que límite poderían afectar ao plan.

16. A apertura das zonas indicadas no punto anterior, de acordo co Informe técnico do CIMA, pasará a establecer unha ZEM que representa o 77 % da lonxitude total do plan e unha dispoñibilidade de mexilla do 78 % e dunha ZEP que representa o 23 % da lonxitude total do plan no que queda un 22 % de mexilla dispoñible. O que favorece a dispoñibilidade de mexilla na presente campaña.

17. O informe de 13.04.2023 do Subdirector Xeral de Pesca de valoración socioeconómica indica que os datos de produción de percebe procedentes dos mariscadores/as a pé e das embarcacións participantes no plan conxunto das confrarías de pescadores da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares no ano 2022 supuxeron 10.971 kg e 447.653 € para un total de 47 percebeiros potenciais e que os datos recibidos durante a campaña de extracción de mexilla 20-21 sinalan a orixe de 42.656 kg de mexilla procedente do ámbito territorial da confraría sinalada, o que supón o 2 % do total da extraída en Galicia, de acordo cos datos recibidos no Servizo de Análise e de Rexistros.





Tendo en conta o anterior e que a lonxitude total do plan de percebe é de 76.190 m e que a apertura das zonas para a mexilla, mantendo nela a explotación de percebe, supón aproximadamente 6.300 m, que representa o 8 %, o que non é unha cifra significativa para o conxunto do plan.

Deste xeito, por todo o anteriormente indicado e de conformidade co artigo 21 do Decreto 153/2019 de 21 de novembro, esta xefatura territorial,

RESOLVE:

Adaptar o Plan de xestión conxunto de percebe, modalidade a pé e embarcación, das confrarías de pescadores da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares, modificando a clasificación das *Illas de San Pedro, Faroleiro pequeno, Faroleiro e As Gaiandas* e do tramo costeiro de *punta Porrido a punta Torrella* (excluíndo as illas, illotes e pedras cercadas situadas fronte a este tramo) que cambian de ZEP a ZEM ata que remate a presente campaña da mexilla, tal e como se indica nos mapas que se xuntan no anexo.

Na ficha do plan onde figuran as condicións de aprobación quedará establecido:

a) No parágrafo final do apartado "Zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón" inclúese un punto 4. para modificar temporalmente as zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e consecuente modifícase de xeito temporal o anexo II da ficha do plan onde se recollen estas zonas coas súas coordenadas xeográficas, do seguinte xeito:

"Zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón

...

4. Tendo en conta os estudos realizados polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) sobre a abundancia de mexilla nos meses de outubro de 2022, febreiro e marzo de 2023 (No-Couto et al.) que actualizan a información que serviu de base para a realización dos cálculos de proporcionalidade, así como as excepcionais circunstancias de desabastecemento de mexilla que están a acontecer no desenvolvemento da actual campaña extractiva 2022-2023, e de acordo cos informes técnicos do Subdirector Xeral de Pesca e da Bióloga da Xefatura Territorial da Coruña do 13.04.2023, permiten adecuar de xeito xustificado unha zonificación máis proporcional e un aproveitamento e xestión sustentable da semente de mexillón e de percebe ata que remate o período, establecido con carácter extraordinario, de extracción de semente de mexillón en rocha.

..."

Por tanto, no anexo II da ficha "Zonas de reserva extracción semente de mexillón-zonas explotación exclusiva de percebe", pasa a recollerse este cambio do seguinte xeito:



Anexo II. ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN-ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE

ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM) ⁽¹⁾			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP) ⁽¹⁾			
Zona	X	Y	Zona	X	Y	Observacións
Punta Segaña a praia de Amieiras	555600	4811470	Punta Torrella a punta Bufadoiro ⁽¹⁾	556147	4806066	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros O dique do porto exterior de punta Langosteira non está incluído no ámbito deste plan. ZEP: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros
	565827	4808252		552453	4803143	
Ponte do Pedrido a punta Torrella ⁽¹⁾	563998	4797483	Punta Adormideiras a As Amoras	549073	4803372	
	556147	4806066		547920	4803060	
Punta Bufadoiro a Praia de Bastiagueiro	552453	4803143	Roda a punta Mexillosa	546852	4802881	
	551864	4798972		546535	4802968	
Dique de Abrigo a punta As Adormideiras	550690	4801514	Zambela	545788	4803256	
	549073	4803372		545580	4803314	
As Amoras a Zambela (E), excluindo a ZEP da Roda-punta Mexillosa	547920	4803060	Illa de San Pedro ⁽¹⁾	545131	4803711	
	545788	4803256		544299	4802643	
Zambela (O) a praia de Sabón, excluindo a Illa de San Pedro, o Faroleiro pequeno, o Faroleiro e a Illa da Gaianda ⁽¹⁾	545580	4803314	Faroleiro Pequeno ⁽¹⁾	544118	4802729	
	540168	4797645		544112	4802727	
			Faroleiro ⁽¹⁾	544140	4802717	
				544129	4802713	
			Illa da Gaianda ⁽¹⁾	542656	4800697	
				542561	4800499	

⁽¹⁾ Modifícase a clasificación das *Illas de San Pedro, Faroleiro pequeno, Faroleiro e Illa da Gaianda* e o tramo costeiro de *punta Porrido* (X: 554436; Y: 4805772) a *punta Torrella* (excluindo as illas, illotes e pedras cercadas fronte ao tramo costeiro) que cambian de ZEP a ZEM ata que remate o período, establecido con carácter extraordinario, de extracción de semente de mexillón en rocha na campaña 2022-2023, tal e como se indica no mapa que se xunta.





Xefatura Territorial de Coruña
 Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
 15006 A Coruña
 Tel.: 981 182 000
 xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





Xefatura Ter
 Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
 15006 A Coruña
 Tel.: 981 182 000
 xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Esta proposta notifícase á confraría de pescadores de Coruña, como entidade representante do plan, aos efectos do establecido no artigo 58.3 b) da Orde de 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial
M^a José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

